

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA  
VINTE E DOUS DE XUÑO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente      D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde:    D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
                              Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
                              D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
                              Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario                  D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e dous de xuño de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Instancias de obras de particulares**

1.1.- Instancia núm. 978/11 de dona María Almudena Bouza Martínez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, situada en Cornado, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2), consistente no cambio da placa do salón e na eliminación dun armario encastrado.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non tendo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoito euros con tres céntimos (#18,03#)

1.2.- Instancia núm. 889/11 de don José Tallón Fernández

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construcción dun cerramento de parcela , de aproximadamente 34 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Tomonde, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende a vía; garantirse o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de vinte e un euros con quince céntimos (#21,15#)

#### 1.3.- Instancia núm. 999/11 de dona María Teresa Otero Touceda

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago, solicita licenza municipal para a construcción dunha rampla de acceso á finca, colocando tubos na gábea, de aproximadamente 5 m. de lonxitude, no lugar de Marzán de Arriba.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 300 mm de diámetro; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel ca vía de maneira que non sobresaia. Ademais deberase colocar unha arqueta de rexistro cada 6,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de dezaoito euros con tres céntimos (#18,03#)

#### 1.4.- Instancia núm. 1.933/10 de dona María Graciela Torres Porto

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Vilar, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; nº plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Camilo Neira Picón cun orzamento de 243.865,68 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002 deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 m debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de catro mil oitocentos setenta e sete euros con trinta e un céntimos (#4.877,31#)

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (368 m<sup>2</sup>)

#### 1.5.- Instancia núm. 910/11 de dona Paula Otero Cutrín

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o trece de maio de dous mil oito concedeulle licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Cibrán - San Xián de Sales (expediente 55/2008), e solicita a concesión dunha prórroga para o remate da mesma.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de tres anos para o remate da mesma.

## **2º.- Acordo, se procede, sobre modificación de licenza de actividade de panadaría en Vedra**

Examinado o expediente promovido por dona Susana Raviña Carbia, segundo a súa solicitude núm. 414 de data 21/03/2011, para modificación de licenza de actividade de PANADARÍA (MELLORA) sita no lugar de Marzán de Abaixo (Vedra).

Tendo en conta que se trata dunha actividade que non se atopa expresamente incluída no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental e que remitida ao organismo correspondente este emite, con data do 29 de marzo de 2011, resolución de incidencia ambiental de que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

De conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

### **1.- Licenza da actividade:**

Primeiro.- Concederlle a dona Susana Raviña Carbia, a licenza de apertura de PANADARÍA (MODIFICACIÓN E MELLORA) no lugar de Marzán de Abaixo (Vedra), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, ténendose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas, se ben deberá ter en conta o disposto na resolución de incidencia ambiental.

O prazo para o comezo da actividade será de 3 anos a contar dende o acordo de concesión.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas de tramitación correspondentes, que ascenderon a trescentos euros con cincuenta e un céntimos (#300,51#) xa ingresada nas arcas municipais.

### **2.- Licenza da obra:**

En relación á obra solicitada por D<sup>a</sup> Susana Raviña Carbia con domicilio en Marzán de Abaixo (Vedra), consistente en OBRAS DE MELLORA EN PANADERÍA, situada no lugar de Marzán de Abaixo, deste termo, emprazada en SOLO DE NÚCLEO RURAL (N-1), segundo o proxecto técnico presentado, redactado pola Enxeñeiro Agrónomo, D<sup>a</sup> Miguel Angel López Varela e con un orzamento de 27.810,38 euros, o seguinte:

Primeiro. Que a edificación na que se pretende a realización da obra atópase en situación de fóra de ordenación prevista no artigo 103 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e no artigo 46º do PXOM por estar fóra das alíñacións establecidas polo plan.

Segundo.- Que as obras pretendidas, segundo se desprende do proxecto técnico presentado, son de redistribución interior e necesarias para o mantemento do uso preexistente.

Por todo o exposto enténdese que as obras son autorizables dende o punto de vista técnico.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

As obras axustaranse ás seguintes condicións: Construirase de acordo co proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincocentos cincuenta e seis euros con vinte e un céntimos (#556,21#).

### **3º.- Facturas varias**

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de maio. Importe 91,56 euros

Quilometraxe da monitora dona Lucía Sevio do mes de maio por atención comedor do CEIP Ortigueira. Importe 67,20 euros

Horas extraordinarias da monitora dona Lucía Sevio por atención servizo madrugadores e ludoteca. Importe 40,74 euros

Asistencias á Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato de servizos de conservación, reposición e mantemento dos alumeados públicos municipais. Importe 122,03 euros

Asistencias á Mesa de Selección para a contratación dun informático o 22/09/2010. Importe 296,32 euros

Asistencias ás Mesas de Selección para a contratación das prazas incluídas no Programa de Cooperación (xardineiros, protección civil e albaneis de oficial de segunda). Importe 628,82 euros

Quilometraxe das auxiliares de axuda no fogar nos meses de maio e xuño. Importe 529,99 euros

Asistencias de dona Ana B. Picón Cotos por substitución Alcaldía dos días 13,14 e 15 de abril Importe 228,00 euros

Factura núm. 176 de dona Guadalupe García Cabal por clases de manualidades en maio. Importe 700,00 euros

Agasallos para os nacementos inscritos no Rexistro Civil de Vedra. Importe 305,28 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don José Ramón Santomil por obradoiro de canto coral na casa da terceira idade. Importe 213,84 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco José Souto Rial por impartir clases de baile rexional na casa de cultura de San Xián no mes de xuño. Importe 150,64 euros

Axudas de custo de dona María Dolores Sintas por impartir taller de memoria na casa da terceira idade nos meses de maio e xuño. Importe 299,20 euros

Factura núm. 6/2011 de Fermín González Blanco SL por redacción plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla. Importe 2.476,63 euros

Factura núm. VD 05/2011 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de maio. Importe 5.789,86 euros

Factura núm. 11/11 de José María Freiría Suárez por servizos de limpeza no mes de maio. Importe 3.614,29 euros

Factura núm. 2011234 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento do alumeadoo público no mes de maio. Importe 2.301,06 euros

Factura núm. 20 de Grupo Acofide, S.C por xestión das instalacións e actividades do pavillón no mes de maio. Importe 5.826,25 euros

Factura núm. 21 de Grupo Acofide, S.C por material para o acondicionamento da piscina municipal. Importe 1.251,74 euros

Factura núm. A355 de Germán Mallo, S.L por repostos para a maquinaria municipal. Importe 77,88 euros

Factura núm. A/537 de Galiza Verde, S.L por xestión de envases metálicos e outros. Importe 616,38 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L por alumeadoo público de Dozar. Importe 2.497,54 euros

Factura núm. 4000733220 da Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A do mes de maio. Importe 439,48 euros

Factura núm. 105/12 de Alquimao, S.L por puntais para a brigada de obras. Importe 9,44 euros

Facturas núms. 01-619 e 01-624 de Puente Ulla, S.L por gasóleo bonificado e outros para os tractores municipais en maio. Importe 107,75 euros

Facturas núms. 01-623 e 01-625 de Puente Ulla, S.L por carburantes para os vehículos municipais en maio. Importe 1.760,33 euros

Factura núm. 726/11 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 323,47 euros

Factura númer. U740438 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadora servizos sociais nos meses de xuño, xullo e agosto. Importe 159,38 euros

Factura númer. U740439 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadoras da casa do concello e bibliotecas municipais. Importe 296,39 euros

Factura númer. 120 de Copy Estudio, SLU por material de oficina. Importe 1,99 euros

Facturas de Gas Natural SUR SGD, S.A correspondentes a alumeados públicos en abril. Importe 8509,01 euros

Factura númer. 5626201168000410 de Probisa por mestura bituminosa para arranxos. Importe 3.985,07 euros

Facturas númeras. P103506 e M100770 de Editorial Compostela, S.A por concerto publicidade. Importe 708,00 euros

Factura númer. 201100051 de Manuel Botana Granja por material para o CPI de Vedra. Importe 25,30 euros

Factura númer. A-37 de Amesport, S.L por material campionato fútbol sala de Vedra. Importe 150,00 euros

Factura númer. 950/82651 de Initial Textiles e Higiene, S.L por retirada unidades hixiénicas da casa do concello e gardería municipal. Importe 247,99 euros

Factura númer. 111388 de Portomédica por materiais para o servizo de fisioterapia. Importe 73,38 euros

Factura númer. 3-1987715876-11 de Salvador Liste Otero - Promocomp por camisetas para o V día da bicicleta organizada pola Asociación Xuvenil de Trobe A Dorna. Importe 350,00 euros

Factura númer. 31/3594 de Ulla Oil, S.L por provisión de gasóleo bonificado para os tractores municipais. Importe 1.214,64 euros

Factura númer. 00231-11 de Construcciones Boqueixón, S.L por obras de urbanización de camiño en Laraño - San Xián de Sales, con cargo ao aval de Promotora Val de Matelo, S.L. Importe 16.149,48 euros

Factura númer. 12 de Manuel Sobredo, S.L por acondicionamento parcial da estrada Oza -Cibrán, con cargo a aval depositado por Dago, S.A Importe 4.720,00 euros

Factura númer. 11/000157 de Maqui.car - Maquinaria, S.L por alugamento de pisón. Importe 123,90 euros

Facturas númeras. 2011116, 2011212 e 2011214 de Electricidad Cruceiro, S.L por arranxos en varias dependencias municipais nos meses de marzo, abril e maio. Importe 699,62 euros

Factura númer. 2011213 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos varios nos alumeados públicos en abril. Importe 787,26 euros

Factura númer. 201100072 de Manuel Botana Granja por materiais diversos en xuño. Importe 215,73 euros

Factura númer. 3011000307 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por revisión tractor municipal. Importe 319,43 euros

Factura númer. 198 de Socyser (Cesco - Deza, S.L) por servizo de auxiliares de axuda no fogar no mes de maio. Importe 2.891,70 euros

Factura númer. FAC 434 de Ntcos. Fuentes Barreiro, S.L por cubertas para o vehículo de protección civil. Importe 194,16 euros

Factura númer. 2407 de Asvetrans, S. Coop. Galega por transporte de mestura bituminosa para arranxos. Importe 153,40 euros

Factura númer. 2408 de Asvetrans, S. Coop. Galega por transporte de áridos para obras municipais. Importe 354,00 euros

Factura númer. 11/000124 de Mapoca, S.L por suministro de formigón incluído na memoria de soportes para colectores financiada integralmente pola Deputación Provincial, segundo convenio asinado. Importe 19.969,49 euros

Facturas númeras. 53, 54, 55, 56 e 57 de José M. Pena Alonso por servizo de taxi cos pacientes dende o centro de saúde de Santa Cruz ao centro médico de Vedra durante os meses de xaneiro a maio. Importe 738,13 euros

Factura númer. 58 de José M. Pena Alonso por servizo de taxi para beneficiarios do departamento de servizos sociais. Importe 188,30 euros

Factura númer. 20 de Miguel Camino Bouzón por traballos de fontanería en maio. Importe 1469,10 euros

Factura númer. 154/11 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por repostos para a maquinaria municipal. Importe 228,00 euros

Factura númer. 11/2110296 de Cogami Reciclado de Galicia, S.L por recollida e xestión de cartón en maio. Importe 66,74 euros

Factura númer. 11/00447 de Sapa cont. y serv. S.L por retirada de vertidos do punto limpo en maio. Importe 759,24 euros

Factura númer. 2011/1438 de Sociedade Galega do Medio Ambiente por tratamento dos residuos sólidos de Vedra no mes de maio. Importe 7.676,55 euros

Factura númer. 001300 de Droguería -Ferretería El Sol por copias de chaves. Importe 10,00 euros

Facturas núms. 0321/E11, 0320/E11, 0297/E110322/E11 e 0319/E11 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na retroexcavadora e outros no mes de maio. Importe 1.698,8 euros

Facturas de Gas Natural SUR SDG, S.A de abril por subministro nas dependencias municipais. Importe 1.270,08 euros

Recibo de Editorial Compostela por subscrición ao xornal no mes de xuño. Importe 41,00 euros

Factura núm. 90430977 de Repsol Butano, S.A por subministración de combustible para o albergue de peregrinos. Importe 240,86 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á depuradora de San Xián no mes de maio. Importe 346,31 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á gardería no mes de maio. Importe 50,27 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á casa do concello no mes de maio. Importe 362,58 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente ao CPI de Vedra no mes de maio. Importe 977,02 euros

Recibos por provisión de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 33,06 euros

Factura núm. SPA/42652/2011 de MC SPA Sociedade de Prevención, S.L por concurso prevención integral no mes de maio. Importe 340,21 euros

Recibo de Eva Pérez Cardama por premio do concurso Vedra ao descuberto. Importe 100,00 euros

Recibo de Raquel Fontan Castaño por actuación da sardiñada -baile da terceira idade. Importe 300,00 euros

Factura de Unión Fenosa Comercial, S.L correspondente á gardería no mes de xuño. Importe 122,87 euros

Factura de Telefónica de España, SAU da sede de protección civil en maio. Importe 97,08 euros

Facturas de Telefónica de España, SAU correspondentes aos teléfonos fixos do mes de xuño. Importe 1.384,59 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

#### **4º.- Outros asuntos**

4.1.- Instancia núm. 1.81/11 da AA.VV Unión e Progreso

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel Santiago Neira Gómez, en calidade de Presidente da AA. VV Unión e Progreso de San Xián de Sales, expón que o vindeiro 17 de xullo celebrarase na parroquia de San Xián a ruta cicloturística BTT San Xulián, polo que solicita a concesión dunha axuda económica para a colaboración dos gastos de celebración do citado evento, así como a colaboración de protección civil e a presenza do Bul con auga para o lavado de bicicletas.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado e concederlle unha subvención por importe de cento cincuenta (#150,00#) euros, debendo achegar xustificantes de gastos por importe do dobre da cantidade concedida para o cobro da mesma.

4.2.- Contrato de subministro de formigón incluído na memoria de *Instalación de soportes para contedores de RSU*, financiado integralmente pola Excma. Deputación Provincial segundo convenio asinado (núm. 210/2010)

Detectado erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día vinte e tres de novembro do dous mil dez, relativo á adxudicación do contrato de subministro de formigón previsto na memoria de *Instalación de soportes para contedores de RSU* (HM-20 e HM-25) financiado pola Deputación Provincial de A Coruña segundo convenio asinado (núm. 210/2010), onde di “ Primeiro.- Adxudicar o citado contrato á empresa M.C. Mapoca, S.L, coas seguintes características:

- 1º.- Prezo de adxudicación : 53.583,31 euros
- 2º.- Formigón HM-20: 454 m<sup>3</sup> . Formigón HM-25:518 m<sup>3</sup>

Debe dicir : Primeiro.- Adxudicar o citado contrato á empresa M.C. Mapoca, S.L, coas seguintes características:

- 1º.- Prezo de adxudicación: 53.583,31 euros más IVE (#9.645,00#) euros
- 2º.- Formigón HM-20: 454 m<sup>3</sup> . Formigón HM-25:518 m<sup>3</sup>
- 3º.- Prazo de subministro do formigón: dous meses”

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos